



## PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR CURSO 2024-2025

### ÍNDICE

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR .....	1
NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO E COMPORTAMENTO NO COMEDOR .	2
NO COMEDOR: .....	2
NORMAS: .....	2
NAS ENTRADAS E SAÍDAS: .....	3
SERVIZO .....	4
PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COA COMIDA SOBRANTE .....	6
PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE COLABORADORES AO COMEDOR.....	7
PROTOCOLO DE SELECCIÓN FAMILIAS COLABORADORAS .....	7
PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE USUARIOS AO COMEDOR. ....	7
LEXISLACIÓN .....	8

## NORMAS BÁSICAS DE FUNCIONAMENTO E COMPORTAMENTO NO COMEDOR

O coidado e o respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios que se ten que marcar o noso Centro.

O momento do comedor proporciona un horario moi proveitable para crear hábitos e para traballar outros valores, ademais de contribuír á organización da vida familiar, que ofrece o centro e, como tal, deben marcarse uns obxectivos:

- Promover e desenvolver hábitos alimentarios saudables.
- Garantir unha dieta que favoreza a saúde.
- Promover hábitos hixiénicos saudables.
- Desenvolver o compañeirismo, o respecto e a tolerancia.
- Conseguir un entorno físico e social saudable.

Por todo isto é necesario fixar unhas **actitudes e normas** ante a propia persoa e en relación coas demais:

### NO COMEDOR:

- Non usar os mesmos utensilios doutras persoas.
- O uso do comedor quedará limitado á capacidade suficiente para ter ao alumnado garantindo as medidas de seguridade (mobilidade) e hixiénico-sanitarias.
- Hai establecidas tres quendas:
  - de 14:20 a 15:20h para o alumnado de infantil.
  - de 14:30 a 15:00h para o alumnado de primaria.
  - de 15:00 a 15:30h para o alumnado de secundaria.
- Como espazo de espera empregárase a Pista polideportiva exterior.
- Asignaranse sitios fixos para o alumnado durante todo o curso (poderá haber algún cambio por circunstancias, a criterio do persoal responsable).
- O alumnado fará unha correcta hixiene de mans antes de acceder ao comedor.
- O servizo de comedor terá o número de persoal colaborador axeitado segundo a lexislación vixente.
- Ao rematar a comida, o alumnado deberá permanecer no seu sitio ata que sexa informado da saída polo persoal colaborador.
- Para lavar as mans empregárase os lavabos por nivel e o do comedor.
- O uso dos aseos deberá ser vixiado polos coidadores do comedor.
- **A hixiene bucal realizarana na casa, xa que non hai espazo suficiente nin tempo.**

### NORMAS:

- Dentro do comedor o alumnado deberá manter un comportamento axeitado:

- Non está permitido levantarse sen permiso.
- Durante o tempo do xantar o alumnado non deberá levantarse ao baño, a non ser por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica e sempre co permiso e a supervisión dalgunha persoa colaboradora.
- Non se debe elevar o volume de voz.
- Non se deben realizar actos que atenten contra os mínimos decoros ao xantar: sentarse incorrectamente, cuspir a comida, botárllela aos compañeiros, etc.
- Respetarán o material do resto do alumnado así como o mobiliario e utensilios do comedor.
- Non deberán desperdiciar nin facer mal uso da comida que se lles serva.
- Deberán comer de todo, tanto primeiro como segundo prato, así como a sobremesa, adecuando a cantidade a súa idade.
- Calquera tipo de comportamento incorrecto (accións antihixiénicas, menosprezo, desobediencia, insulto, agresión física) contra os compañeiros ou contra o persoal laboral e colaborador será considerado unha falta contraria á convivencia e se aplicarán as NOF do centro.
- Todo tipo de comportamento impropio será denunciado e corrixido por parte do persoal colaborador que haxa no Comedor, e haberá unha notificación escrita ou oral para a casa.
- As **faltas de asistencia** ao comedor deberán ser notificadas e xustificadas con antelación e **antes das 10h do mesmo día**, por correo electrónico: **comedor@cpiares.com**, ou por teléfono **881930020**).
- As medidas de corrección serán as recollidas nas NOF do noso centro.

#### NAS ENTRADAS E SAÍDAS:

- O **alumnado de Infantil** accederá ao comedor acompañado por unha persoa colaboradora.
- O **alumnado de 1º a 6º de Primaria** accederá ao comedor, ao remate das clases na orde establecida, de menor a maior.
- O **alumnado de ESO** irá directamente ao comedor cando lle corresponda á súa quenda. O **tempo de espera terá lugar na pista polideportiva (14:50 ata 15:00h)**. Entrará ao comedor cando saia todo o alumnado de primaria.
- As mesmas normas de comportamento deberán observarse unha vez abandonado o comedor e mentres dure o tempo de lecer.
- O alumnado de infantil realizará a saída en primeiro lugar.
- Unha vez rematado o xantar sairá o alumnado de primaria que sexa usuario de transporte escolar, e a continuación o resto de alumnado

acompañado polos colaboradores ata os portais exteriores, coa seguinte organización:

- **O alumnado de infantil ás 15:15h.**
- **O alumnado de primaria sairá ás 15:20h.**
- **O alumnado de secundaria ás 15:25h.**
- No patio e no comedor non se tirarán papeis, cascas ou restos de calquera outra cousa.
- O alumnado **NON PODERÁ SAIR DO CENTRO** sen autorización **ESCRITA** dos seus pais/nais ou titores, que deberá ser entregada ao persoal encargado do servizo.
- O alumnado deberá ser puntual na entrada ao comedor como na recollida por parte das familias á saída. O persoal colaborador velará para que se cumpra esa puntualidade.

## SERVIZO

- Haberá o número de persoas colaboradoras suficientes tal e como recolle a Orde do 21 de febreiro de 2007 e na Instrución 1/2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024-2025.
- A previsión do persoal de cociña é a seguinte: 1 cociñeira e 2 auxiliares de cociña.
  - Serán as encargadas da recollida e limpeza dentro das medidas hixiénico-sanitarias de todo o material empregado na cociña e comedor.
- A principio de curso, publicarase este protocolo de funcionamento na páxina *web* así como os menús diarios.
- As familias deberán indicar na solicitude se hai algunha intolerancia alimentaria e xustificala debidamente, para poder tomar as correspondentes medidas tanto na preparación dos menús, como no servizo e no momento de xantar.
- O alumnado deberá entender que as persoas colaboradoras do comedor escolar son as responsables durante ese tempo, de tal maneira que respectarán e obedecerán as súas indicacións.
- Por cuestións organizativas e mellora da convivencia considérase que o alumnado da ESO e de 6º de Primaria colaborarán na colocación dos servizos de comedor por quendas diarias.
- O alumnado de 6º de EP na quenda de Primaria repartirase por todas as mesas para exercer como encargados asistindo ao resto do



alumnado da mesa por se precisan auga ou cambiar cubertos, así como outros pequenos cometidos.

- As funcións do persoal relacionado co comedor (laboral, colaborador, encargado, director) aparecen recollidas nos art. 8, 9, 10 e 11 da devandita Orde do 21 de febreiro de 2007.
- Dende o servizo de comedor, trimestralmente, se proporcionarán ás familias os menús, tendo en conta que poderían haber algunhas modificacións en función das circunstancias.
- En ocasións excepcionais, por falta de persoal de cociña ou outras circunstancias como avarías, ... recorrerase ao emprego de menaxe dun so uso, e pode haber modificacións no menú.
- As dietas especiais deberán ser xustificadas documentalmente con informe médico por parte das familias diante do Consello Escolar. As familias deberán indicar na solicitude se hai algunha intolerancia alimentaria, xustificala debidamente, para poder tomar as correspondentes medidas tanto na preparación dos menús, no servizo e no momento de xantar.
- O importe mensual do servizo de comedor abonarase nos primeiros 20 días do mes seguinte, este pago poderá realizarse de diferentes modos:
  - Pagamento nas entidades autorizadas pola Consellería de Facenda:
    - Unha vez cargados os datos de uso do comedor do mes que corresponda, os centros, a través da aplicación COMEDORES e seguindo as indicacións da citada aplicación, descargarán os impresos de pagamento e poranos a disposición dos suxeitos pagadores. Os centros poderán asistir aos suxeitos obrigados que asinarán os impresos en proba de conformidade, tras verificar a súa idoneidade.
    - O conseguinte ingreso das cantidades que corresponda, realizarase en calquera das entidades de depósito autorizadas pola Consellería de Facenda para actuar na xestión recadadora de taxas e prezos desta comunidade autónoma.
    - Os suxeitos obrigados conservarán os xustificantes do “pagamento para o interesado”, presentando nos centros, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de “pagamento para a Administración” debidamente validados polas entidades de depósito,

para os efectos de complementar as posteriores comprobacións que deban efectuarse.

- A través do Espazo Abalar:
  - Así mesmo, os impresos de pagamento estarán dispoñibles directamente para os usuarios do Espazo Abalar sen necesidade de acudir ao centro para obtelos.
- Pagamento a través da Oficina virtual tributaria:
  - Igualmente, as persoas interesadas poderán utilizar a oficina virtual tributaria (<http://www.conselliadefacenda.es/web/portal/comunicación-impresos>) para realizar os pagamentos de xeito telemático. Os suxeitos que opten por esta vía deberán presentar no centro, nos 20 primeiros días de cada mes, os xustificantes de pagamento correspondentes.
- O importe será de 4,5 € por día se hai que aboar a totalidade sen bonificacións, 2,5€ se corresponde a metade e 1€ ou gratuíto. O pago farase mediante ingreso na conta específica da Secretaría Xeral, tendo que constar o mes e nome do alumno/a no concepto de ingreso.
- O non pagamento do servizo será sancionado coa expulsión del.
- As contías serán actualizadas ao inicio de cada curso en función das instrucións da Consellería de Educación.
- Segundo o número de comensais, o comedor é de tipo C: ata 250 comensais. Terán a consideración de usuarios de comedor, os citados no artigo 4 do Decreto 132/2013 do 1 de agosto.

## PROTOCOLO DE ACTUACIÓN COA COMIDA SOBRANTE

Segundo se indica no artigo 1.1. da Instrución 1/2024, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024-2025, é preciso establecer o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobranse e que terá que ser aprobado polo Consello Escolar.

No Consello Escolar Extraordinario celebrado o día de setembro de 2024 decídese:

- Establecer unha relación entre Servizos Sociais do Concello e asociacións sen ánimo de lucro que realizan actividades de axuda humanitaria.
- Os servizos sociais elaborarán un listado de familias que precisen axuda.
- A asociación humanitaria será a encargada de recoller no centro a comida sobranse se así houbese e entregala nas diferentes familias.

## PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE COLABORADORES AO COMEDOR

Ao final de cada curso escolar abrírase un período ata o 7 de setembro para que se anoten nun listado o persoal do centro que quere ser colaborador no comedor escolar.

Se houberse máis demanda que prazas ofertadas, terán preferencia :

- O persoal definitivo no centro.
- O profesorado do centro
- Calquera outro membro da comunidade educativa que non colaborase no pasado curso escolar.
- Pola letra do primeiro e segundo apelido segundo a establecida pola Administración.

## PROTOCOLO DE SELECCIÓN FAMILIAS COLABORADORAS

A partir do 25 de xuño de 2024 e ata o 1 de setembro de 2024, expóñese nos centros escolares o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2024-2025.

Ante a necesidade de colaboración por parte das familias no comedor escolar establécense estes criterios para a súa selección:

- Formación e experiencia relacionada coa tarefa a realizar.
- Ter fillos usuarios de comedor.
- No caso de empate:
  - Situación de necesidade económica:
    - Ser usuario de Servizos Sociais (informe).
    - Estar no paro. (tarxeta).
  - Por número de fillos usuarios
  - Pola letra publicada na lexislación vixente da Xunta de Galicia.

## PROTOCOLO DE INCORPORACIÓN DE USUARIOS AO COMEDOR.

O alumnado usuario de comedor escolar será incorporado ao centro baseándonos nos criterios xa establecidos na lexislación vixente, o Consello Escolar vai dar prioridade ao seguinte:

- O alumnado incorporaranse seguindo os criterios de preferencia establecidos na lexislación vixente:
  1. Alumnado usuario do comedor no curso anterior
  2. Alumnado usuario lexítimo do transporte escolar.
  3. Te un irmán ou unha irmá usuario/a do comedor.
  4. Alumnado nunha situación socioeconómica de exclusión social ou con discapacidade igual ou superior ao 33%.
  5. Alumnado membro de Familia Numerosa.



6. Alumnado con situación familiar de incompatibilidade horaria coa hora de saída do centro ao mediodía.
  7. Outro alumnado do centro.
- Cando non poida incorporarse todo o alumnado solicitante e, no caso de empate na mesma situación, terase en conta os seguintes criterios:
    - Formar parte da mesma unidade familiar.
    - Por nivel de renda familiar.
    - Por discapacidade dalgún familiar.
    - Pola letra do primeiro e segundo apelido segundo a establecida pola Administración .
    - No caso de **incompatibilidade horaria** considérase que por circunstancias de autonomía persoal a prioridade será:
      - 1º- Alumnado de Educación Infantil (4º, 5º e 6º, por esa orde).
      - 2º- Alumnado de Educación Primaria (1º, 2º, 3º, 4º, 5 e 6º, por esa orde).
      - 3º- Alumnado de ESO (1º, 2º, 3º e 4º ESO, por esa orde).
  - O alumnado de reserva irá incorporándose nas diferentes quendas, sempre que haxa baixas.

## LEXISLACIÓN

A lexislación aplicada é a seguinte:

- **Orde do 21 de febreiro de 2007** (DOG 21/2/2007) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- **ORDE do 13 de xuño de 2008** pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 (DOG 19/06/2008) pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.
- **DECRETO 132/2013**, do 1 de agosto (DOG 13/08/2013), polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- **Instrución 1/2024, da Secretaría Xeral Técnica** da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2024-2025.



